




## Aula Profesional ECOADE

### III Cineforum: Economía, empresa e sociedade

Durante o mes de febreiro tiveron lugar dúas proxeccións da terceira edición do Cineforum da facultade. Así, o 4 de febreiro, o estudiantado puido ver *Inside Job*, un documental que explora as decisións que levaron á maior crise económica en máis de medio século. O 18 de febreiro proxectouse *Vice, el vicio del poder*, película que segue a Dick Cheney no seu camiño para converterse no vicepresidente máis poderoso da historia dos Estados Unidos.



## Aula Profesional ECOADE

### Aprendendo das empresas e institucións

O 28 de febreiro retomamos o ciclo de conferencias *Aprendendo das Empresas e Institucións* coa charla titulada *Blockchain e Bitcoin*, na que se manexaron conceptos de ciberseguridade como os hash ou se falou das características das redes de blockchain entre outros aspectos. A conferencia foi organizada coa colaboración da Cátedra Economía de la Ciberseguridad USC-INCIBE e foi impartida por José Juega Cuesta.





# ECONTADE

Xornal da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais



## Plan de Acción Titorial: Welcome day


O 29 de xaneiro celebrouse, no marco do plan de acción titorial, o welcome day. Un evento no que o estudiantado internacional coñeceu a nosa facultade, o seu funcionamento e todos os servizos dispoñibles para facer da súa estadía unha experiencia inesquecible.



Ademais, o 19 de febreiro impartíuse unha charla en relación ao programa SICUE, requisitos, prazos e proceso de solicitude. Así mesmo, o 26 de febreiro, tivo lugar o acto informativo dirixido ao estudiantado interesado en participar nos convenios bilaterais.

## Plan de Acción Titorial: Orientación profesional

O 19 de febreiro tiveron lugar dúas sesións do Plan de Acción Titorial de sobre orientación profesional. A primeira delas a cargo da profesora Pilar Piñeiro García sobre as pautas a ter en conta para escoller un máster. A segunda, celebrada a continuación da anterior, consistiu nunha sesión virtual sobre posibilidades de emprego público na que funcionariado de distintos corpos contou a súa experiencia persoal e informou ao estudiantado sobre o acceso e particularidades de cada corpo.



O 12 de febreiro tivo lugar unha sesión dirixida aos estudantes dos últimos cursos dos graos e másteres interesados en traballar no mundo da auditoría e consultoría. No acto contamos con Daniel Fraga Romero e Camila Zárate Raggio de KPMG España, Iago Alvarez Correa e Nerea Martínez Puga de PwC España e Fernando Rodríguez Novo e Andrés Soto de Deloitte que falan sobre os programas de talento destas empresas.







## Programa A Ponte

Entre o 4 e o 7 de febreiro, no marco do programa A Ponte, recibimos máis de 600 estudantes de ensino medio que viñeron a interesarse polas titulacións do noso centro. Ofrecéuselles unha charla de benvinda destacando os elementos máis relevantes do noso centro e dos nosos estudos. Ademais, os/as estudantes visitaron as nosas instalacións e puideron asistir a algunhas clases. Para o desenvolvemento destas xornadas contamos coa colaboración do estudiantado titor do curso 24-25.



O 12 de febreiro, o estudiantado do Ciclo Superior de Administración e Finanzas do Colexio Vivas de Vigo visitou as instalacións da nosa facultade. Na visita estiveron acompañados polo profesor Diego Sande, quen lle mostrou as instalacións do centro, explicándolle a historia do centro e as posibilidades de acceso ás titulacións da facultade dende a Formación Profesional. A visita foi organizada coa colaboración de José Ramón Sande Veiga, profesor do Colexio Vivas.





# ECONTADE

Xornal da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais



## Convocatoria de premios

Ao longo do mes de febreiro publicáronse as convocatorias dos diferentes premios que a nosa facultade organiza periódicamente. Así, convocouse o III Premio de Innovación Docente co que se busca fomentar e recoñecer a calidade da actividade docente do profesorado, recoñecendo a importancia da tarefa docente para a consecución dun ensino de calidade que contribúa á formación do estudiantado nas competencias necesarias para o exercicio da súa profesión futura. O obxectivo principal da convocatoria é promover, recoñecer e difundir as boas prácticas docentes desenvolvidas polo profesorado da facultade nos estudos de grao ou máster.

Ademais, dende 2011 o noso centro convoca o premio CreArte na Universidade que busca apoiar o labor artístico que se desenvolve na nosa sociedade, premio que este ano acada a súa XIV edición. Ao igual que en edicións anteriores, a obra premiada pasará a formar parte do patrimonio da facultade.

Un ano máis, convocouse o Premio Fulget á empresa ou colectivo empresarial galego do ano, como se vén facendo dende 2007, en recoñecemento á súa colaboración en accións encamiñadas a mellorar as relacións entre a actividade académica do noso centro e a súa contorna profesional.

A empresa ou colectivo empresarial galardonado pasará a formar parte do Comité Consultivo de Expertos do centro.

Por último, a facultade convoca con carácter bianual o premio “María del Carmen Lorenzo Díaz” co obxectivo de fomentar o desenvolvemento de traballos de fin de grao e fin de máster sobre a xestión ou economía dos recursos naturais e o medio ambiente.





## Recoñecementos ao noso PDI

Diferente profesorado do noso centro foi galardoado nos Premios de Investigación Fundación Barrié-Real Academia Galega de Ciencias, destinados a recoñecer as mellores investigacións que se desenvolven en Galicia en Ciencias Básicas, Técnicas e Sociais, e que destacan polo magnífico nivel de todos os traballos, publicados en revistas internacionais de alto impacto, con resultados de enorme relevancia científica e pola súa contribución ao avance da ciencia en Galicia.

En particular, na categoría de Ciencias Sociais o premio foi para o equipo coordinado pola profesora Mila Vivel Búa, no que tamén participa o profesor Rubén Lado Sestayo, e que estudou a influencia do efecto contaxio do fracaso empresarial nas micro, pequenas e medianas empresas a través dunha mostra de 3.948 hoteis.



Ademais, obtivo un accésit o grupo liderado pola profesora María Cadaval Sampedro, no que tamén participa o profesor Santiago Lago-Peñas, que fixo unha análise innovadora sobre o impacto das políticas de consolidación fiscal nas preferencias e



intención de voto da cidadanía española, nun contexto marcado polas regras fiscais europeas.

O 28 de febreiro entregáronse os XI Premios de Investigación en Economía de Galicia Valentín Paz Andrade, concedidos polo Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia da USC e o Consello Económico e Social de Galicia, nas modalidades de tese de doutoramento e artigo científico. Os profesores e investigadores da facultade, Hugo Ballesteros e Gonzalo Rodríguez Rodríguez foron premiados por seren coautores do artigo "Estimating illegal catches in data-poor S-fisheries: Insights from multispecies shellfish poaching in Galician small scale fisheries" publicado na revista Marine Policy, e Fernando de la Torre Cuevas foi premiado polas súa tese de doutoramento "Expanding hybrid approaches to construct (Inter)regional input-output models".







## Publicacións do PDI

Nos meses de xaneiro e febreiro tivo lugar a seguinte publicación por parte do PDI do centro:

- Esperante, B. (2025). La oferta de maquinaria agrícola en la segunda y tercera onda del cambio tecnológico en la agricultura en España, 1850-2000. Investigaciones De Historia Económica, 21(1), 29-58.

## Teses defendidas

Durante os meses de xaneiro e febreiro defendéronse as seguintes teses de doutoramento na nosa Facultade:

- O turismo comunitario en Ecuador como estratexia de desenvolvemento sostible das comunidades.

Autora: Johanna Gabriela Cisneros Palacios. Dirección: Edelmiro López Iglesias e M<sup>a</sup> do Mar Pérez Fra.

- Reforma e planificación indicativa nas economías ibéricas entre 1950 e 1975: unha análise comparativa.

Autor: Carlos de Francisco Mantiñán. Dirección: Juan Julio Luis Carmona Badía e María del Carmen Espido Bello

## Sabías que...?

De acordo con datos do ránking de Shanghai, A USC mellorou en 2024 a súa posición no ránking de universidades pasando ao rango 501-600 a nivel mundial. Os estudos de ADE (Business Administration) da USC ocupan un lugar destacado no rango 201-300 a nivel mundial e no rango 6-9 a nivel español.





## Outros acontecementos

O conselleiro responsable da Área Institucional do Consello de Contas de Galicia, Anxo Calvo Silvosa, impartiu o 24 de febreiro unha conferencia na Facultade na que falou sobre o control externo do sector público.



Séguenos nas nosas redes sociais







## Acordos relevantes das Comisións da Facultade

### Comisión académica conxunta do grao en ADE e do grao en Economía:

- **24 de xaneiro de 2025:** Acórdase solicitar aos departamentos responsables un informe sobre o rendemento das materias de Dereito Mercantil I (cursos 21-22, 22-23, 23-24), Matemáticas para Economistas II (curso 21-22) e Principios de Economía (curso 21-22), no caso do grao en Economía e para as materias de Principios de Economía (curso 22-23) e Microeconomía I (curso 23-24), no caso do grao en ADE.

### Comisión de Calidade:

- **24 de xaneiro de 2025:** Acórdase abrir o período de exposición pública do plan estratéxico para que os diferentes colectivos poidan facer as suxestións ou alegacións oportunas. Ratificación dos informes de execución das accións de mellora dos másteres. Aprobación do informe de incidencias 23-24.
- **4 de febreiro de 2025:** Aprobación final do plan estratéxico 24-26.

### Comisión Permanente:

- **25 de xaneiro de 2025:** Aprobación das solicitudes de informes para o recoñecemento do complemento por méritos docentes (quinquenios).

### Xunta de Facultade:

- **5 de febreiro de 2025:** Informe de execución do orzamento de 2024. Aprobación do PDA do curso 25-26 de todas as titulacións do centro. Aprobación do plan estratéxico 24-26 do centro. Información sobre a apertura das convocatorias dos premios Fulget, Create, Innovación Docente, M<sup>a</sup> Carmen Lorenzo a TFG/TFM sobre a economía dos recursos naturais e do medio ambiente, así como axudas para a organización de actividades culturais, actividades complementarias á docencia, xornadas científicas ou congresos na facultade. Ratificación do nomeamento da nova coordinadora do Máster de Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas.

### Comisión de Normalización Lingüística:

- **12 de febreiro de 2025:** Planificación das actividades para o 2025 financiadas polo Servizo de Normalización Lingüística.

### Comisión de Tráballo de Fin de Grao:

- **14 de febreiro de 2025:** Aprobación da proposta de cambios de titorización de varios TFGs. Aprobación da proposta de tribunal único para a defensa de TFG en Economía na oportunidade de febreiro. Aprobación da proposta de data e hora de defensa dos TFG de Economía e ADE en formato póster na oportunidade de febreiro. Aprobación da solicitude de proposta de título de TFG dun alumno de ADE condicionada á aceptación da titorización por parte do titor proposto.
- **28 de febreiro de 2025:** Apróbase informar favorablemente a proposta de TFG dun estudante de economía. Aprobación do cambio de TFG dun estudante de Economía.

### Comisión de Xénero:

- **28 de febreiro de 2025:** Aprobación da celebración das actividades conmemorativas do 8M que se celebrarán dentro da semana violeta (do 7 ao 14 de marzo).